

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A. E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MASTER

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital (23.01.2024)

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019, e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

E doutra, dona Rocío Mosquera Álvarez, actuando en nome e representación de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., en calidade de directora-xerente e como apoderada, resultando as súas facultades xenéricas do acordado polo Consello de Administración da dita entidade en data _____, elevado a escritura pública o _____, outorgada ante o notario _____. En adiante, "GALARIA".

Todas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para iso,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa lei orgánica de universidades, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe dos/as estudantes e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

SEGUNDO.- Que o Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A dita complexidade, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita aos estudantes de múltiples titulacións universitarias, sanitarias e non sanitarias, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

TERCEIRO. Que GALARIA é unha sociedade mercantil pública autonómica, con forma de sociedade anónima, que se constitúe como medio propio personificado respecto da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico para a execución das actividades que lle sexan encomendadas por esta ou polos seus organismos, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social. De acordo co sinalado nos seus estatutos, cuxo texto refundido foi aprobado pola Xunta Xeral de GALARIA o 8 de outubro de 2019 (previa autorización do Consello da Xunta de Galicia mediante acordo do día 29 de maio de 2019), GALARIA ten por obxecto a actividade asistencial, o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario.

CUARTO.- Que a Universidade de Vigo ten a vontade de potenciar a realización de formación especializada e prácticas en centros, unidades e servizos integrados na Consellería de Sanidade ou no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación dos/as seus/súas alumnos/as.

QUINTO.- Que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, prevé no seu artigo 24 o establecemento de convenios con empresas e institucións, para a realización de prácticas académicas externas.

SEXTO.- Que o Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, ten por obxecto desenvolver a regulación das prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

SÉTIMO.- Que, tanto a Consellería de Sanidade coma o seu organismo autónomo, o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas desde as universidades.

Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Así mesmo, o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

OITAVO.- Que é vontade destas institucións intensificar as relacións entre o mundo universitario e o ámbito asistencial, facilitando o achegamento do alumnado universitario á realidade profesional e ao desenvolvemento práctico dos coñecementos teóricos das distintas disciplinas que adquiren na Universidade.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a firma do presente convenio, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de prácticas externas curriculares a través do cal o alumnado da Universidade de Vigo poida complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde, en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade ou nas

instalacións que Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

Esta formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente, a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de Galaria en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Segunda.- Proxectos formativos das prácticas

De conformidade co artigo 24.5 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, os programas de formación das prácticas externas, contarán cunha planificación na que se fará constar: as competencias que debe adquirir o/a alumno/a, a dedicación en créditos ECTS ("European Credit Transfer Accumulation System", en galego "Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos"), as actividades formativas que debe desenvolver o/a alumno/a, o calendario e horario, e o sistema de avaliación.

Deste modo para cada tipo de práctica a Universidade de Vigo elaborará un proxecto formativo que fixará os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas ou específicas que debe adquirir o alumnado. Así mesmo os contidos a desenvolver definiranse de forma que aseguren unha relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. Os proxectos formativos seguirán os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Terceira.- Lugar de realización das prácticas

As prácticas obxecto deste convenio desenvolveranse nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. facilitarán a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos programas de prácticas. En cada centro asistencial ou unidade administrativa onde se vaian realizar as prácticas fixarase un plan de formación específico acorde cos contidos e obxectivos establecidos en cada caso pola Universidade de Vigo.

A utilización dos ditos recursos e dispositivos asistenciais polos/as alumnos/as da Universidade de Vigo non afectará de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros e servizos dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. Así mesmo os/as alumnos/as respectarán en todo momento a vida profesional da

organización á que se incorporan, especialmente ás persoas coas que establecen relación e aos recursos que utilicen.

Cuarta.- Dereitos e obrigas do alumnado en prácticas

Os dereitos e obrigas do alumnado que acceda ás prácticas, serán os previstos no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios, e nas normas estatais que regulen a realización de prácticas externas do alumnado universitario, así como no Regulamento de prácticas académicas externas dos/as estudantes da Universidade de Vigo.

O incumprimento por parte do/a alumno/a, das súas obrigas ante a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno/a en prácticas.

O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos no programa das prácticas, así como ao acatamento das normas propias do centro ou servizo de acollida. Aplicaranse con dilixencia ás tarefas encomendadas e gardarán sigilo sobre as tarefas que estean realizando durante o seu período de prácticas así como unha vez que este finalice, de acordo co sinalado na cláusula vixésimo primeira deste convenio.

Quinta.- Selección do alumnado e selección dos centros para as prácticas

A selección do alumnado que vaia realizar as prácticas externas no marco do presente convenio, corresponderá á Universidade de Vigo, e deberá respectar os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

A Universidade de Vigo deberá comunicar á Consellería de Sanidade os estudantes propostos para a realización das prácticas obxecto do presente convenio, xunto coa referencia á titulación cuxos estudos están cursando actualmente e os contidos e obxectivos da formación práctica para cada un deles, cunha antelación mínima de dous meses ao inicio da actividade que se solicita, usando os anexos I e II do presente convenio.

A selección dos centros asistenciais ou unidades administrativas para a realización de prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnas e alumnos aceptados/as corresponderá á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, unha vez consultados os correspondentes centros e dispositivos asistenciais e unidades administrativas, e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.

Sexta.- Duración das prácticas

A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos regulados polos artigos 14 e 17 do Real Decreto 822/2021 do 28 de

setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de garantía da súa calidade.

Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas y a dispoñibilidade da entidade colaboradora.

Sétima.- Avaliación das prácticas

A avaliación das prácticas realizaraa a Universidade de Vigo a través do/a titor/a, á vista da memoria elaborada polo/a alumno/a, do informe do/a titor/a de prácticas do centro ou unidade do Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade ou de Galaria, e de aquelas outras probas que se consideren oportunas.

A asistencia ás prácticas é requisito indispensable para poder ser avaliado/a. O/A alumno/a deberá ter asistido polo menos ao 85% das horas de prácticas programadas.

Oitava.- Perda do dereito á realización das prácticas

Un alumno ou alumna poderá perder o dereito á realización das prácticas nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade por algún dos seguintes motivos:

- a) Baixo grao de aproveitamento.
- b) Falta de asistencia non xustificada.
- c) Interferencia coa labor asistencial do centro.
- d) Acceso a áreas ou zonas do centro para as que non estea autorizado.
- e) Causar intencionadamente danos á persoas, instalacións e/ou bens durante a realización das prácticas.
- f) Calquera outro comportamento ou actuación dunha gravidade asimilable aos anteriores.

A declaración da perda do dereito á realización das prácticas requirirá da tramitación do seguinte procedemento:

1.- Inicio

O procedemento iniciárase mediante acordo da persoa responsable do centro no que se integre a unidade na que o/a alumna/o realizara as prácticas.

Para a elaboración deste acordo deberá solicitarse, como mínimo, informe a cada un/unha dos/as titores/as da alumna ou alumno de que se trate. Así mesmo, poderán solicitarse outros informes

que se consideren necesarios para o esclarecemento das circunstancias que, no seu caso, poidan dar lugar á perda do dereito á realización das prácticas.

2.-Trámite de audiencia

Realizarase nos termos establecidos no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.-Elaboración da proposta de resolución por parte da persoa titular do centro do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade.

Para a elaboración da proposta se poderán ter en conta as alegacións e o resultado das probas que, no seu caso, propoña a alumna ou o alumno de que se trate, durante o trámite de audiencia, así como aquelas que poida acordar a persoa titular do centro.

4.-A proposta de resolución do procedemento se remitirá á Comisión Mixta de seguimento do convenio, regulada na cláusula décimo sexta deste convenio, que será a competente para ditar a resolución que poña fin ao procedemento.

A resolución da Comisión Mixta poderá ser recorrida en alzada ante o Conselleiro de Sanidade, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Orientación e seguimento aos participantes

Durante a realización de prácticas os/as estudantes contarán con titores/as de conformidade co establecido no artigo 24.6 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro.

Os/as titores/as cumpriran os requisitos previstos no artigo 10 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios, e terán os dereitos e obrigas que determinen as normas de aplicación ás prácticas académicas externas.

En todo caso, nos centros asistenciais e unidades administrativas onde se leve a cabo a formación práctica designarase un titor ou titora con vinculación ao centro ou unidade, con experiencia profesional e cós coñecementos necesarios para unha titorización efectiva, baixo cuxa supervisión realizará as prácticas cada estudante, e que velará pola súa formación e polo cumprimento do plan específico fixado polo centro ou unidade.

Os titores das prácticas comprométense a orientar e asesorar individualmente a cada estudante, de maneira que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades, e facilitar ao alumnado os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan, de xeito que poidan participar nos proxectos de traballo que se están levando adiante.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titorizan, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia das prácticas resulte beneficiosa.

Unha vez rematada a súa estancia formativa, a persoa designada polo centro asistencial ou unidade administrativa para a titorización, emitirá un informe sobre as actividades realizadas por cada alumna ou alumno durante o período de prácticas, indicando o período (datas de inicio e fin) e o número de horas totais.

A Universidade de Vigo, como recoñecemento do esforzo do persoal que titoriza a formación práctica, emitirá a cada profesional un certificado acreditativo do seu labor de titorización segundo o modelo vixente nesta universidade.

Décima.- Compromisos que asume a Universidade

A Universidade de Vigo comprométese a:

- a) Distribuír e seleccionar ao alumnado que realizará as prácticas.
- b) Comunicar coa debida antelación á Consellería de Sanidade, ao Servizo Galego de Saúde e a Galaria, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, os datos que permitan identificar aos/as alumnos/as que realizarán a formación práctica obxecto do presente convenio, así como os correspondentes contidos e obxectivos da formación.
- c) Facilitar ao alumnado que resulte admitido para a realización das actividades que se programen no marco do presente convenio, información sobre:
 - A duración, calendario, horario e lugar das prácticas.
 - Os traballos que, de ser o caso, teñan que entregar tanto durante el período de tempo en que se desenvolvan as prácticas, como á súa finalización (memorias, informes,...); todo elo, na forma en que se indique no Plan de Traballo que se estableza.
 - O carácter formativo das prácticas, de forma que comprendan que non poderán firmar nin asumir responsabilidades nin realizar actuacións que esixan desempeño profesional.

Nesta liña, a Universidade realizará todo o necesario para que os traballos que se lle encomenden ao alumnado durante a realización das prácticas estean en consonancia coa finalidade principal do convenio, que non é outra que a de facilitar o seu estudo e formación; tendo en conta que o alumnado soamente poderá realizar actividades relacionadas co proxecto formativo asociado a titulación que está cursando.

- d) Velar para que a utilización de recursos e dispositivos asistenciais aos que teña acceso o alumnado na realización das prácticas, non afecte de ningún xeito ao normal funcionamento dos

centros ou servizos dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde ou de Galaria, así como para que respecten en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan e, especialmente, ás persoas coas que establecen relación e os recursos que utilicen.

e) Adoptar as medidas necesarias para garantir que o alumnado acate as normas propias do centro ou do servizo de acollida. Non obstante, a realización das prácticas se axustará ao plan formativo tutorizado que, previamente ao seu comenzo, se deseñe, e que deberá conter as diversas actividades nas que o alumnado se iniciará, de xeito que debe quedar diferenciada a labor, dedicación e duración das xornadas de prácticas do alumnado, respecto das que teñan os profesionais dos centros ou entidades onde as desenvolvan.

f) Expedir os certificados acreditativos da súa labor de titorización aos profesionais responsables das titorías de prácticas.

g) Organizar e coordinar actividades de formación para os responsables das titorías de prácticas que faciliten o intercambio de experiencias entre os/as profesionais da sanidade e o profesorado universitario, intensificando canles de colaboración.

h) Facilitar a participación das persoas responsables das titorías en aqueles cursos, congresos, xornadas, etc., organizados polos departamentos responsables da docencia vinculada ás prácticas, que supoñan unha posibilidade de mellora do desenvolvemento das prácticas.

i) Que o alumnado en prácticas estea cuberto polo Seguro Escolar, e os/as estudantes maiores de 28 anos, por unha póliza de seguro que cubra os accidentes e enfermidades que a alumna ou o alumno poida padecer no transcurso do período de prácticas, e a contratar unha póliza de responsabilidade civil para cubrir as contingencias que se produzan como consecuencia da realización das prácticas.

j) Verificar o cumprimento da cláusula décimo terceira relativa aos seguros do alumnado que solicite a realización das prácticas baixo o amparo do presente convenio.

k) Solicitar aos alumnos a certificación negativa dos delitos sexuais no caso de realizar prácticas con menores, informando á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

l) Incluir no Sistema da Seguridade Social ao alumnado que realice prácticas externas baixo a aplicación do presente convenio conforme ao establecido na cláusula décimo quinta.

Décimo primeira.- Compromisos que asumen a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Galaria

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Galaria se comprometen a:

1. Informar a todas as institucións correspondentes e aos seus profesionais das características do presente convenio, apoiando a súa integración na realización das prácticas.

2. Posibilitar na medida das necesidades e recursos de cada momento, e sempre supeditado ás necesidades asistenciais, a liberación de parte do horario laboral de aqueles profesionais que colaboren no programa de prácticas, para que poidan participar en actividades de formación relacionadas coas tarefas profesionais habituais ou para un mellor desenvolvemento das actividades prácticas.
3. Valorar, para os efectos oportunos no currículo persoal, as horas anuais correspondentes ás tarefas de titoría nas prácticas, conforme á acreditación que outorgará a Universidade de Vigo.
4. Ofrecer as condicións necesarias para recibir ás persoas que vaian a realizar as prácticas, comprometéndose a propiciar o óptimo desenvolvemento do programa de prácticas que se defina, facilitando ao alumnado os medios e recursos dos que dispoñen, así como a favorecer a implicación do persoal sanitario e non sanitario que traballe nas funcións de titoría e coordinación das prácticas que lles competa realizar.
5. Facilitar a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos programas que en cada caso se establezan de xeito que o alumnado poida realizar adecuadamente as prácticas.

Décimo segunda.- Uso de instalacións da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de Galaria

O alumnado que realice as prácticas ao abeiro do presente convenio poderá utilizar as instalacións e servizos das bibliotecas da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de Galaria, incluíndo os servizos e prestacións da biblioteca virtual (Bibliosaúde), nas mesmas condicións co persoal da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e de Galaria.

Décimo terceira.- Seguros

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e Galaria non se fan responsables dos accidentes ou enfermidades que o alumnado puidese padecer no transcurso das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante a realización de ditas prácticas a persoas ou bens, debendo responder dos mesmos a Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo comprométese a que os alumnos e alumnas en prácticas estean cubertos polo Seguro Escolar, e os estudantes maiores de 28 anos por unha póliza de seguro que cubra os accidentes e enfermidades que a alumna ou o alumno puidera padecer no transcurso do período de prácticas.

Ao mesmo tempo a Universidade de Vigo terá contratada unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para cubrir as continxencias que se poidan producir como consecuencia da realización das prácticas.

A ausencia ou a non adecuada acreditación destes seguros suporá a imposibilidade de realización das prácticas.

Décimo cuarta.- Vinculación laboral

De conformidade co establecido no artigo 24.9 do Real Decreto 1791/2010, o 30 de decembro, e no artigo 2 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, as prácticas externas de carácter formativo axustaranse á formación e competencia dos/as alumnos/as e o seu contido non poderá dar lugar, en ningún caso ao relevo da prestación laboral propia de postos de traballo, nin xerará vínculo laboral nin contractual coa Consellería de Sanidade nin co Servizo Galego de Saúde nin con Galaria.

Décimo quinta.- Inclusión no Sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas externas baixo a aplicación do presente convenio

1. A realización de prácticas externas ao abeiro do presente convenio determinará a inclusión no Sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.
2. O cumprimento das obrigas da Seguridade Social corresponderá á Universidade de Vigo, que asumirá a condición de empresario e deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que lle facilite a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde.
3. A cotización da Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quinquaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, para o caso de prácticas formativas non remuneradas.
4. A Universidade de Vigo garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada un dos alumnos/as que, en base a este convenio, sexan autorizados pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a realización de prácticas nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde, a Consellería de Sanidade e Galaria poñen á disposición para tal fin.
5. Esta cláusula será de aplicación para todo o alumnado que realice prácticas externas ao abeiro deste convenio a partir do 1 de xaneiro do 2024.

Décimo sexta.-Financiamento do convenio

A sinatura do presente convenio non require aportacións económicas por parte das institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria, sen prexuízo das obrigas que, en

materia de Seguridade Social, asume a Universidade de Vigo, de conformidade co previsto na cláusula décimo quinta.

O alumnado ao amparo do presente convenio non poderá percibir contraprestación económica da Consellería de Sanidade nin do Servizo Galego de Saúde nin de Galaria.

Decimo sétima.- Comisión mixta de seguimento do convenio

Para o desenvolvemento e control daquelas accións que, con motivo do presente convenio, sexan levadas a cabo, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta por dous representantes designados pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e outros dous designados pola Universidade de Vigo.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con respecto ás prácticas:

- 1.- Determinar os períodos de tempo para a realización das prácticas curriculares.
- 2.- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- 3.- Coordinar as accións e articular instrumentos de mellora e fórmulas de incremento da eficacia.
- 4.- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas.
- 5.- Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
- 6.- Tratar e resolver as cuestións de diverxencia, que puideran xurdir no desenvolvemento do convenio.
- 7.- Resolver os casos de perda do dereito á realización das prácticas, previa tramitación do procedemento regulado na cláusula oitava deste convenio.

Décimo oitava.- Resolución de conflitos

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión mixta de seguimento e, de persistir, serán elevadas ó conselleiro de Sanidade, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Os posibles conflitos que xurdan a raíz da execución dos diferentes proxectos formativos deberanse resolver mediante acordo entre o responsable académico das prácticas externas e o titor ou titora do centro ou unidade.

Décimo novena.-Causas de resolución do convenio

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas noutras leis.

Vixésima.- Certificación negativa de delitos sexuais

En cumprimento do artigo 57.1 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xullo, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, os centros e institucións sanitarias da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde esixirán ao alumnado de calquera nivel formativo que realice prácticas externas, a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais nos mesmo termos que ao persoal dos mesmos.

Correspóndelle á Universidade de Vigo como responsable dos estudantes en prácticas, solicitar aos seus alumnos a citada certificación negativa, informando diso á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Vixésimo primeira.- Dereito a dignidade e intimidade dos/as pacientes

Na Orden SSI/81/2017, de 19 de xaneiro, publicase o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde. (BOE 6 de febreiro 2017).

No momento da súa incorporación, os/as alumnos/as deberán ser informados/as deste protocolo e firmarán un compromiso de confidencialidade segundo o modelo establecido na Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro.

Este protocolo basease en todas as normas xurídicas vixentes relacionadas co dereito á intimidade das persoas, e fai referencia, entre outros, aos seguintes termos:

1. Identificación do alumnado en prácticas

Segundo o establecido no mesmo, os/as alumnos/as deben de estar correctamente identificados/as. A dirección do centro sanitario facilitaralles un cartón identificador que levarán en lugar visible.

Os/As pacientes teñen dereito a saber que hai alumnos/as en formación presentes no seu proceso asistencial e requirirase o seu consentimento verbal, que se reiterará se se realiza algún tipo de exploración física, procedemento clínico ou intervención con fins formativos.

No caso de que o/a paciente se negue expresamente, o persoal en formación non estará presente no proceso de atención asistencial.

Salvo supostos especiais consentidos polo/a paciente, durante os actos clínicos que se realicen en presenza do/a mesmo/a, non deberán estar presentes máis de tres alumnos/as por paciente.

2. Acceso aos datos clínicos

Os/as alumnos/as, salvo consentimento expreso do/a paciente, só poderán acceder á historia clínica previa disociación dos datos clínicos dos persoais, para garantir o seu anonimato, ou a historias clínicas simuladas polo/a responsable de docencia a fin de garantir que o aprendizaxe derivado das mesmas realízase respectando a intimidade e confidencialidade dos datos de saúde.

Este dereito de acceso límtase ao coñecemento os datos contidos nas historias clínicas, e non dispoñerán en ningún caso de usuario de acceso aos sistemas de información do Servizo Galego de Saúde.

A realización de traballos de fin de grado que impliquen no seu desenvolvemento o acceso a pacientes ou usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, as súas mostras biolóxicas ou os seus datos de carácter persoal, deberán cumprir os requisitos ético-legais aplicables á investigación biomédica en España e obter os informes e as autorizacións que sexan de aplicación segundo o tipo

de estudo. Tamén deberán axustarse á Instrución 2/2020 relativa ao protocolo para o tratamento de datos de saúde en estudos de investigación biomédica (Resolución do 10 de febreiro do 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade).

3. Deber de confidencialidade / segredo

Os/As alumnos/as están sometidos ao deber de confidencialidade/segredo, non só durante a estancia no Centro sanitario no que se estea formando, senón tamén unha vez concluída a mesma, sen que dito deber se extinga pola defunción do/a paciente.

O deber de confidencialidade afecta tanto aos «datos íntimos» como aos datos biográficos do/a paciente e o seu entorno, cuxo coñecemento por terceiras persoas poida afectar aos dereitos da persoa obxecto de tratamento.

O deber de confidencialidade/segredo non só se refire aos datos contidos na historia clínica do/a paciente senón tamén aos que se teña acceso mediante comunicación verbal, gravacións, vídeos, os contidos en calquera tipo de arquivo informático, electrónico, telemático ou rexistro público ou privado, incluíndo os referidos ao grao de discapacidade e información xenética.

O alcance do deber de confidencialidade exténdese tamén a calquera outro dato de carácter persoal, non só dos/as pacientes cos/as que trate se non de calquera paciente, profesional ou terceiras persoas das que poidan chegar a coñecer ditos datos.

Por último, o deber de confidencialidade abarca tamén a calquera outra información que poida chegar a coñecer durante o seu período de prácticas, aínda que non sexan datos de carácter persoal. Moitos elementos aos que accederán poderán afectar á seguridade das instalacións ou dos sistemas de información, afectar aos intereses lexítimos de terceiros e tamén poden estar protexidos por dereitos de propiedade intelectual, patentes ou semellantes. Polo tanto non poden ser relevados ou utilizados sen autorización expresa do Servizo Galego de Saúde.

4. Rexistro do alumnado

Os centros disporán dun libro rexistro de alumnos/as en formación que cumprirá os requisitos establecidos en LOPD para a creación de ficheiros que conteñen datos persoais. No devandito rexistro volcaranse anualmente os datos citados e a anotación relativa á que se subscribiu o compromiso individual de confidencialidade.

Vixésimo segunda.- Vixencia do convenio, modificación e prórroga

O prazo de vixencia deste convenio será de catro anos desde o día seguinte ao da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou de

calquera das súas prórrogas. En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumpridos no correspondente curso académico.

O Convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión Mixta de Seguimento do convenio e previo acordo das partes.

A entrada en vigor deste convenio deixa sen efecto o convenio asinado o 19 de xuño do 2017 e a súa prórroga, asinada o 26 de maio do 2021.

Vixésimo terceira.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Vixésimo cuarta.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Vixésimo quinta. Protección de datos

As partes manifestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXP), a Lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e as normas de desenvolvemento que resulten aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXP. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se a solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 2 6.1.b) do RXP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio na data da sinatura electrónica.

O Conselleiro de Sanidade e Presidente do
Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega
para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Julio García Comesaña

O Reitor da Universidade de Vigo

Manuel Joaquín Reigosa Roger

A directora-xerente de Galaria, Empresa Pública
de Servizos Sanitarios S.A.

Rocío Mosquera Álvarez

Anexo I.- SOLICITUDE

ANEXO I AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A. E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MASTER

CURSO ACADÉMICO 202...../202....

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. e a Universidade de Vigo, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Estudante beneficiario deste Convenio

Apelidos e nome:

DNI

Enderezo electrónico.....

Teléfono.....

2.- Titulación e curso no que está matriculado/a

.....

3.- Tipo de prácticas: Curriculares

4.- Unidade/Servizo/Centro e localidade onde solicita realizar as prácticas:

.....

5.- Titor ou titora académica (da Universidade de Vigo):

D/Dona.....

con DNI.....

Enderezo electrónico.....

6- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa):

do ao

Nº total de horas: Horas/día:

7- Persoa de contacto na Universidade de Vigo para a xestión das prácticas

D/Dona.....

Enderezo electrónico.....

8- O **obxectivo** educativo destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a su empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

9- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas xuntarase a esta solicitude utilizando o **Anexo II** do citado Convenio.

O perfil e o nivel de profundización dependerán das labores a levar a cabo polo estudante dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estancia onde porá en práctica os coñecementos adquiridos adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

10- Segundo o establecido no convenio infórmase:

- que a UVIGO ten contratada unha póliza de responsabilidade civil para cubrir as continxencias que se poidan producir a consecuencia da realización das prácticas, e ao mesmo tempo, terase en conta a acción protectora da Seguridade Social, na que resultarán incluídos os estudantes en prácticas, segundo se desprende do art. 42.1.a) da LGSS.

- que unha vez finalizada a estancia práctica solicitada e recibido o informe sobre as actividades do alumno/a, a Universidade expedirá o certificado acreditativo da labor de titorización aos profesionais responsables das titorías de prácticas.

A ausencia ou a non adecuada acreditación destes seguros supoá a imposibilidade de realización das prácticas.

En, a de de 202....

| Responsable da UVIGO | O/A estudante, |
|-----------------------------|-----------------------|
| D./Dna | |
| Cargo | D./Dna |

Anexo II.- Modelo-tipo de proxecto formativo

ANEXO II AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A. E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MASTER

CURSO ACADÉMICO 202...../202....

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. e a Universidade de Vigo, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Estudante beneficiario deste Convenio

Apelidos e nome:

DNI

Enderezo electrónico.....

Teléfono.....

2.- Titulación e curso no que está matriculado/a

.....

3.- Tipo de prácticas: Curriculares

4.- Unidade/Servizo/Centro e localidade onde solicita realizar as prácticas:

.....

5.- Titor ou titora académica (da Universidade de Vigo):

D/Dona.....

con DNI.....

Enderezo electrónico.....

6.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa):

do ao

Nº total de horas: Horas/día:

7- O **obxectivo** educativo destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a su empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

8- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

9.- Sistemas de avaliación e control:

O/A titor/a académico/a, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do/da alumno/a avaliará as prácticas realizadas tal e como se establece na cláusula sétima do convenio.

A asistencia ás prácticas é requisito indispensable para poder ser avaliado/a. O/A alumno/a deberá asistir ao 85 % das horas de prácticas programadas.

En, a de de 202...

| | | |
|--|--|--|
| <p>O/A titor/a académico/a (UVIGO)</p> <p>Asinado:</p> | <p>O/A titor/a de prácticas (Consellería de Sanidade/Sergas)</p> <p>Asinado:</p> | <p>O/A estudiante,</p> <p>Asinado:</p> |
|--|--|--|